

Confianza empresarial

METODOLOXÍA

1. Introducción

A operación estatística de periodicidade trimestral “Confianza empresarial”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística desde o primeiro trimestre do ano 2007, vai dirixida ás empresas con actividade en Galicia. Segue as recomendacións da OCDE e da UE para a elaboración de enquisas sobre expectativas empresariais.

2. Obxectivos da investigación

O obxectivo básico da operación é afondar no coñecemento da situación conxuntural das empresas con actividade en Galicia, para facilitar aos axentes económicos a toma de decisións; permite coñecer a opinión dos responsables das empresas sobre a evolución no trimestre de referencia e no trimestre seguinte dun conxunto de variables que fan referencia á actividade empresarial.

3. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

O ámbito de estudio desta operación é o conxunto de empresas con actividade en Galicia. O marco de referencia obtense a partir do Directorio de empresas elaborado polo IGE, que exclúe ás empresas que teñan como actividade principal en Galicia algunha das seguintes: seccións A (Agricultura, gandería, silvicultura e pesca), O (Administración pública e defensa; Seguridade social obrigatoria), T (actividades dos fogares) e U (organismos extraterritoriais) da CNAE-2009.

Por outra parte, exclúense do ámbito de estudio as empresas con 5 ou menos asalariados, as comunidades de bens, sociedades cooperativas e comunidades de propietarios, as empresas con actividades asociativas (división 94 da CNAE-2009) e con actividade principal dentro da clase 7010 (sedes centrais) da CNAE-2009, e por último, as empresas do sector enerxético (suministro de enerxía eléctrica, gas, vapor, aire acondicionado e auga).

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico desta estatística é todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Ámbito temporal

A estatística deséñase con carácter continuo e periodicidade trimestral. Ao final de cada trimestre natural invéstíganse variables referentes ao trimestre que vén de rematar e ás expectativas dos empresarios con respecto ao trimestre que vai comezar.

4. Definicións

Para cada sector de actividade un cuestionario distinto recolle unha serie de preguntas sobre variables referentes á evolución da empresa no trimestre de referencia, e sobre as expectativas que ten o empresario acerca da evolución da súa empresa no seguinte trimestre. Os conceptos utilizados nesta operación estatística defínense a continuación:

Produción: todos os bens e servizos creados por unha unidade económica durante un período de tempo utilizando para isto man de obra, capital e materias primas.

Resultado neto de explotación: diferenza entre ingresos e gastos (unha vez considerados os impostos) orixinados polo desenvolvemento da actividade que constitúe o obxecto principal da empresa, e aquelas outras que se realizan regularmente, de modo secundario ou accesorio a aquela.

Stocks de produtos terminados: bens que están listos para a súa venda ou expedición por parte do produtor.

Inventario de produtos: todas as mercadorías que unha empresa ten preparadas para a venda aos seus clientes.

Carteira de pedidos: ingresos futuros en base aos contratos feitos cos clientes ata unha data determinada.

Demanda dun servizo: cantidade dun determinado servizo que os clientes solicitan para cada nivel de prezos do mesmo.

Emprego: persoas que mediante contrato traballan para a empresa a cambio dunha remuneración.

Investimentos: adquisición de activos fixos por parte dunha unidade produtiva para ser utilizados na produción por un período de tempo superior a un ano.

5. Unidades de análise e mostraxe

Unidade de análise

A información de base procede de enquisas directas efectuadas aos responsables das empresas con actividade en Galicia. Para aquelas empresas con actividade dentro e fóra de Galicia, a unidade básica de análise é a parte da empresa que ten actividade en Galicia.

Unidade de mostraxe

A unidade de mostraxe é a empresa (ou a parte da empresa que ten actividade en Galicia).

6. Deseño metodolóxico

Marco

O marco de mostraxe, utilizado tanto para o deseño da mostra como para o cálculo das ponderacións, está constituído por todas aquelas empresas con actividade en Galicia segundo do Directorio de empresas do IGE, das que se excluiron as empresas con 5 ou menos asalariados, as comunidades de bens, sociedades cooperativas e comunidades de propietarios, as asociacións, as empresas de xestión de sociedades de carteira e as empresas do sector enerxético.

No momento de investigar o primeiro trimestre de cada ano natural procederase á renovación do marco, o que permite a corrección da estrutura da mostra para adaptalas aos cambios producidos no tecido empresarial.

Tipo de mostraxe

A selección de unidades de mostraxe realizouse mediante mostraxe estratificada, utilizando como variables de estratificación o emprego e o sector de actividade das empresas.

En realidade podemos considerar que se trata de catro enquisas, unha para cada sector analizado:

- Industria.
- Construción.
- Comercio polo miúdo.

- Resto de servizos.

Dentro de cada sector, cada empresa está clasificada segundo a súa actividade en grupos da CNAE-2009 (3 díxitos).

Por outra parte clasificamos as empresas segundo o seu tamaño, medido polo emprego asalariado en Galicia, establecendo os seguintes tamaños:

- Empresas de 6 a 19 asalariados
- Empresas de 20 a 49 asalariados
- Empresas de 50 a 199 asalariados
- Empresas de 200 ou máis asalariados.

As empresas de 200 ou máis asalariados foron investigadas exhaustivamente. No resto realizouse unha afixación de Neyman, prefixando un erro relativo máximo para o total de Galicia dun 2%, e para os resultados obtidos por sectores e por tamaño das empresas do 5%.

7. Recollida e tratamento da información

Cuestionario

Existen catro tipos de cuestionarios, en función do sector de actividade: industria, construción, comercio polo miúdo e resto de servizos.

Nos cuestionarios solicítase trimestralmente a opinión dos empresarios sobre distintos aspectos da evolución da empresa ao longo do trimestre de referencia e sobre as expectativas que teñen acerca do trimestre seguinte.

Método de recollida

A recollida da información se realiza segundo a elección da unidade informante: correo postal, Fax ou internet. Neste último caso é o propio responsable da empresa o que accede a unha aplicación informática vía Web e cobre o cuestionario directamente, o que supón un aforro de tempo, xa que a información se recibe directamente no servidor do IGE.

Tratamento dos datos

A maior parte das preguntas incluídas nos cuestionarios presentan tres respostas cualitativas posibles, do tipo “aumenta”, “non varía” e “diminúe”. Para pasar este tipo de respostas a outras de tipo cuantitativo, calcúlanse para cada pregunta as porcentaxes de respostas de cada tipo:

P: porcentaxe de respostas do tipo “aumenta”

E: porcentaxe de respostas do tipo “non varía”

N: porcentaxe de respostas do tipo “diminuíu”

Defínese o *Balance* de cada pregunta como

$$B = 100(P - N)$$

Os balances poden tomar valores entre -100 e 100.

As respostas dunha empresa deben ser ponderadas segundo a importancia da empresa no conxunto de empresas de Galicia. Por iso estableceuse un factor de ponderación para cada empresa que depende de dúas características da mesma:

- peso da empresa debido á mostraxe: a importancia da empresa está inversamente relacionada coa probabilidade de ser seleccionada na mostra.
- peso da empresa segundo o seu tamaño, medido polo número de empregados: as respostas dunha empresa deben ser ponderadas segundo o tamaño da unidade de resposta, para darlle maior importancia ás respostas das unidades grandes.

O factor de ponderación dunha empresa virá dado polo produto destes dous pesos e actualizarase cada trimestre cos cambios producidos con respecto ao trimestre anterior.

Polo tanto, as respostas de cada pregunta, debidamente ponderadas segundo o peso da empresa, permiten elaborar un balance para a pregunta correspondente como saldo entre as respostas que marcan un incremento da tendencia e as que indican un decrecemento. Facendo un promedio de distintos balances obtéñense os indicadores sectoriais, que serán indicadores sintéticos centrados en cero, o que significa que calquera valor positivo dos mesmos representa optimismo por parte dos empresarios.

8. Procedemento de estimación

Índice Galego de Confianza Empresarial (IGACE):

Para cada sector, a partir dos balances de cada pregunta calcúlanse os IGACE.

Sector da industria:

$IGACE_{\text{Industria}}$: Obtense como promedio dos balances correspondentes ás preguntas sobre o nivel actual de stocks (B_3), situación actual da carteira de pedidos (B_1) e sobre a predición da evolución nos seguintes tres meses da produción (B_2), emprego (B_4), investimentos (B_5), e resultado neto de explotación (B_6).

$$IGACE_{\text{Industria}} = \frac{B_1 + B_2 - B_3 + B_4 + B_5 + B_6}{6}$$

Sector da construción:

$IGACE_{\text{Construción}}$: Obtense como promedio dos balances correspondentes ás preguntas sobre o nivel actual da carteira de pedidos (B_1), e sobre a predición da evolución nos próximos tres meses da actividade da empresa (B_2), do emprego (B_3), dos investimentos en bens de equipo (B_4), do resto de investimentos (B_5) e do resultado neto de explotación (B_6).

$$IGACE_{\text{Construción}} = \frac{B_1 + B_2 + B_3 + B_4 + B_5 + B_6}{6}$$

Sector do comercio polo miúdo:

$IGACE_{\text{Comercio}}$: Obtense como promedio dos balances correspondentes ás preguntas sobre a situación actual xeral da empresa (B_1), a evolución nos últimos tres meses das vendas (B_2), nivel de inventarios actual (B_3) e a predición da evolución no trimestre seguinte das vendas con respecto ao trimestre actual (B_4), e con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior (B_5), evolución do emprego (B_6), dos investimentos (B_7) e do resultado neto de explotación (B_8).

$$IGACE_{\text{Comercio}} = \frac{B_1 + B_2 - B_3 + B_4 + B_5 + B_6 + B_7 + B_8}{8}$$

Sector do resto de servizos:

$IGACE_{\text{Servizos}}$: Obtense como promedio dos balances correspondentes ás preguntas sobre a situación actual xeral da empresa (B_1), evolución nos últimos tres meses da demanda de servizos da empresa (B_2) e da carteira de pedidos (B_3), e sobre a predición da evolución nos

seguintes tres meses da demanda de servizos (B_4), do emprego (B_5), dos investimentos (B_6) e do resultado neto de explotación (B_8).

$$IGACE_{Servizos} = \frac{B_1 + B_2 + B_3 + B_4 + B_5 + B_6 + B_7}{7}$$

O IGACE para o total da economía obtense ponderando segundo o VEB os indicadores sectoriais.

Dificultades das empresas:

A partir da pregunta do cuestionario acerca das dificultades que atoparon as empresas no trimestre de referencia con respecto a distintas cuestións (escaseza de man de obra cualificada e non cualificada, escaseza de aprovisionamentos, problemas financeiros, ...), unha vez elevados os resultados mostrais, obtéñense estimacións poboacionais acerca das dificultades que os empresarios observaron no trimestre.

Expectativas:

As preguntas sobre as expectativas dos empresarios acerca de distintos aspectos, como son o resultado neto de explotación, o emprego ou os investimentos, permiten elaborar estimacións poboacionais sobre as expectativas para o trimestre seguinte ao de referencia.

9. Difusión de resultados

Trimestralmente o IGE publica información desta enquisa a través da súa páxina Web. Os resultados que se proporcionan son:

- Índice Galego de Confianza empresarial por sectores de actividade e para o total da poboación obxectivo.
- Porcentaxe de empresas segundo a evolución da actividade no trimestre de referencia por sectores de actividade.
- Porcentaxe de empresas segundo as dificultades atopadas no trimestre de referencia por sectores de actividade e por tamaño das empresas.
- Porcentaxe de empresas que prevén incremento, estabilidade o diminución do resultado neto de explotación, emprego e inversión por sectores de actividade e por tamaño das empresas.